

*A vida de
Lazarillo de Tormes;
e das súas fortunas e adversidades*

*La vida de
Lazarillo de Tormes;
y de sus fortunas y adversidades*

Edición

Alfredo Rodríguez López-Vázquez

Tradución

Pablo Cano López

Iván Enríquez Martínez

Iria Sobrino Freire

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez

Coordinador científico do CIRP
Manuel González González

Directora técnica de Literatura
Mercedes Brea López

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2019

Editor literario Alfredo Rodríguez López-Vázquez

Tradutores Pablo Cano López

Iván Enríquez Martínez

Iria Sobrino Freire

Título A vida de Lazarillo de Tormes; e das súas fortunas e adversidades
La vida de Lazarillo de Tormes; y de sus fortunas y adversidades

ISBN 978-84-453-5329-5

Depósito Legal C 1517-2019

Deseño e maquetación Máis Deseño Silleda, SL

Monach⁹ i alba cuculla ⁊ diabol⁹ i caput eius retro
sub cuius scriptum id quod est etiam cum amplius etiam brachia huius principis etiam



Lutero, Melanchton e Lazarillo. “Monxe co demo na capucha”,
 Xilografia, no volume *Pronosticatio*, de Johannes Lichtenberger, Mainz, 1492,
 exemplar en Hamburg, Staats-und-Universitätsbibliothek.



Prólogo

En 1559 faise pública a lista de libros prohibidos pola Inquisición e nesa lista atópanse tanto a primeira como a segunda parte do *Lazarillo*. Da primeira parte, a que habitualmente coñecemos como ‘o Lazarillo’, dispoñemos hoxe en día de varios exemplares de distintas edicións de 1554 (Amberes, Alcalá, Medina del Campo, Burgos) e documentación que proba que en 1553 foron publicadas en Amberes polo menos dúas edicións diferentes, unha en *oitavo* e outra nun formato menor, probabelmente doceavo. Unha destas dúas edicións de Amberes 1553 serviu como texto base, cotexado coa de Amberes 1554, para a edición de Bonaventura Carles Aribau (BAE, 1846), que anota a pé de páxina ata 17 variantes entre ambas e segue, en case todos os casos, as lecturas da edición de 1553. A segunda evidencia documental dunha edición en Amberes 1553 dánola o catedrático granadino de Historia de la Lengua Castellana Eloy Señán, a finais do século XIX, sinalando que manexa unha edición do ano 1553 feita en Amberes, coa precisión de que a devandita edición é en *oitavo*. Polo catálogo de Brunet sabemos que a edición de Amberes 1553 que el describe é ‘en 16avo’, aínda que o propio catálogo de Brunet agrupa, sen maiores precisións, todas as edicións que son de formato inferior ao oitavo, sen establecer diferenzas. Dado que a edición do *Lazarillo* ‘castigado pola Inquisición’ impreso en Madrid por Pierres Cosin en 1573 é en formato doceavo e que as distintas edicións españolas de 1599 ‘castigadas pola Inquisición’ son tamén en formato doceavo, pódese asumir que a *editio princeps* probabelmente é unha edición tamén en doceavo, da que derivan as distintas edicións peninsulares, algunhas delas

hoxe perdidas, pero que podemos localizar, por referencias documentais, tanto no reino de Castela como no reino de Aragón (Zaragoza, Barcelona, Valencia, Tarragona). Convén sinalar aquí que todas estas edicións peninsulares do último cuarto do século XVI tiñan, necesariamente, que ser edicións ‘castigadas pola Inquisición’. É dicir, amputadas de todo o episodio do falso vendedor de bulas, e de distintas pasaxes anteriores nos episodios do cego, o crego de Maqueda, o frade da Mercé e o escudeiro. Como contrapeso a estas amputacións impostas pola Inquisición en 1573 (o *Lazarillo castigado*), a edición de Alcalá de Henares de 1554 engade material moi relevante doutrinalmente, xa que amplía precisamente o episodio do falso vendedor de bulas, creando unha segunda estafa desenvolvida con certa amplitude. A análise e o cotexo das variacións textuais que presentan os distintos *Lazarillos castigados* evidencian que as amputacións inflixidas ao texto non se fixeron seguindo ningunha das edicións conservadas de 1554, senón unha edición anterior, que non contén os erros textuais comúns ás edicións coñecidas de 1554. O *castigo inquisitorial* fíxose a partir dunha edición anterior ás dúas de 1553, o que avala a información dada polo Duque de T’Serclaes de que, a finais do século XIX, el posuía na súa biblioteca un exemplar da edición de 1550, impresa fóra de España. Este exemplar, probablemente a *editio princeps*, debía de ser un exemplar doceavo e sen ilustracións interiores, como son o *Lazarillo castigado* de 1573 e as edicións de Zaragoza, Madrid, Valladolid e Barcelona, que se difunden arredor do cambio de século. Durante dous séculos e medio, entre 1573 e 1834, o único *Lazarillo* que está permitido imprimir en territorio español é o *Lazarillo castigado* pola Inquisición en 1573. Amputado do importante episodio do vendedor de bulas e de varios fragmentos dos demais episodios. Este *Lazarillo castigado* pola Inquisición é o texto amputado que xerará,

xa no reinado de Felipe III, a moda da ‘novela picaresca’. Un texto privado do contido de crítica doutrinal, común á primeira e á segunda parte do *Lazarillo*, e que, como xa observara no seu día Ticknor, non puido ser escrito por ‘nobody but a protestant’. Ticknor refírese, obviamente, ao *Lazarillo* íntegro, non ao castigado e amputado pola Inquisición, que, xa no século XVII, se empeza a atribuír indistintamente a Diego Hurtado de Mendoza e a frei Juan de Ortega. Reyes Coll Tellechea ten insistido neste aspecto esencial da polémica sobre o debate da autoría da obra: a atribución a Hurtado de Mendoza e a frei Juan de Ortega non se fai sobre o texto completo do *Lazarillo*, senón sobre o texto amputado pola Inquisición varios decenios antes e que, precisamente, ten como responsábel da amputación a Diego Hurtado de Mendoza, autor ao que, tendo ordes relixiosas maiores, dificilmente se lle podería atribuír o texto orixinal completo, un evidente ataque aos postulados doutrinais da Inquisición e ás directrices do Concilio de Trento. Privado de toda carga ideolóxica e doutrinal do texto publicado entre 1550 e 1554, o *Lazarillo* pasa a ser considerado un libro de diversión e crítica social e de costumes, afastado dos postulados doutrinais do texto orixinal que conduciron, primeiro, á súa prohibición radical en 1559 e, logo, á amputación do episodio clave para a crítica relixiosa: a denuncia do negocio que comportaba a venda das bulas da Santa Cruzada, coa conivencia entre o Vaticano e o aparato do Estado nos últimos anos do imperio de Carlos V, o emperador Carlos de Gante.

Durante máis de 250 anos, o *Lazarillo* que se atribúe a Hurtado de Mendoza e a frei Juan de Ortega é un texto moi distinto do que hoxe coñecemos e entón se coñecía e se traducía en toda Europa. De feito, se nos atemos ás versións máis difundidas, a edición máis habitual do *Lazarillo* sen censura asumía tamén o capítulo primeiro da continuación,

chamado ‘Lazarillo de Amberes’, dado que coñecemos dous exemplares de 1555 impresos nesa cidade, un na imprenta de Martín Nucio e outro na de Guillermo Simón, ambos con variantes substanciais que impiden soste que un derive doutro. A análise das características tipográficas das moitas variantes que presentan estas dúas edicións de 1555 apunta a que Nucio está a seguir unha edición en tipografía romana mentres que Simón está a seguir unha edición en tipografía gótica. Todo isto conduce a unha evidencia crítica: ademais da media ducia de edicións que coñecemos de ambas as partes do *Lazarillo* entre 1554 e 1555, hai que asumir que se perderon outra media ducia de edicións, cuxas variantes se poden reconstruír por cotexo entre as demais edicións conservadas. Talvez non sexa anecdótico sinalar que estas edicións están indistintamente en letra gótica e en letra romana. É unha proba evidente da extraordinaria difusión que tiveron ambas as partes no quinquenio 1550-1555. E son ambas as dúas edicións, non só o primeiro *Lazarillo*, as que se ven prohibidas pola Inquisición en 1559 e probabelmente acompañasen os seus propietarios nas fogueiras inquisitoriais de Valladolid e Sevilla. O achado na vila de Barcarrota do exemplar de Medina del Campo, escondido tras unha falsa parede, en compañía doutros libros alleos á ortodoxia de Trento, dános unha idea clara do perfil ideolóxico e doutrinal do *Lazarillo*, de ambas as partes do *Lazarillo*, e avala a sospeita de que tanto o *Lazarillo primixenio* como a súa continuación non se prohibían por razóns literarias, senón doutrinais. O que fai moi difícil dar crédito á conxectura de que un escritor como Hurtado de Mendoza, en posesión de ordes maiores, puidese ser o autor de ningunha das dúas partes e fai difícilmente críbel que se poidan atribuír a outros autores que non estean claramente no que Ticknor identificou no seu día como ‘nobody but a protestant’. Do mesmo xeito que a continuación de Juan de Luna de 1620 é tamén creación dun protestante hugonote

(a reforma asociada a Xoán Calvino) que non escatima críticas ao Tribunal do Santo Oficio. A cambio, a frouxa continuación perpetrada por Juan Cortés de Tolosa co título de *Lazarillo de Manzanares* toma como exemplo o único *Lazarillo* que se podía ler en España: o *Lazarillo castigado pola Inquisición*, ao que se amputaran e extirparan todos os episodios e as pasaxes que o levaran a formar parte do *Índice de libros prohibidos* de 1559.

Así pois, o *Lazarillo* e as súas variacións conteñen unha mensaxe ideolóxica e doutrinal contrarias á ortodoxia imposta polo Concilio de Trento a partir de 1552. A mensaxe da Reforma relixiosa e da crítica social e ideolóxica á corrupción do clero, tanto regular como secular, tanto como ao mundo lindeiro ao tipo de prácticas relixiosas que culmina na denuncia do negocio organizado ao redor da venda das bulas. Esa é a razón pola que a serie dos tres *Lazarillos* ten un sitial de honra no *Índice* de libros prohibidos, promovido polo Inquisidor xeral Valdés Salas.

É importante abordar todo isto antes de pasar a propor interpretacións da obra ou de cada un dos episodios en que está dividida, porque asumir que o conxunto dos tres *Lazarillos* ten que ver coa literatura da época da Reforma obriga a situar os avatares do *Lazarillo*, as súas continuacións e as súas distintas censuras e prohibicións dentro dunha perspectiva ideolóxica, non só cultural. A edición ‘castigada’ de 1599, editada a todo o longo e ancho da Península, marca o arranque da novela picaresca, tanto como o *Guzmán*, pero é importante non perder de vista que ese *Lazarillo* é un texto truncado, censurado, e que o texto orixinal e completo non se limita a escudriñar a realidade cultural e ideolóxica da España de mediados do século XVI. Constrúe, inventa, un tipo de relato novo, onde a visión crítica da sociedade e das condutas humanas, tanto no que incumbe ás relacións eróticas como na denuncia da mesquindade

dos personaxes, preséntasenos como un texto innovador no formal, pero tamén innovador e crítico no enfoque da sociedade hispánica da súa época: o desvergoñado e cruel cego, o avaro e lambón clérigo de Maqueda, que mata de fame a Lazarillo, o presuntuoso e miserábel escudeiro, o lúbrico frade da Mercé, a desvergoñada parella do buleiro e o alguacil, concertados para estafaren toda unha comarca e finalmente o lúbrico arcipreste de San Salvador e o seu apaño coa muller de Lázaro, forman un mosaico de condutas que se nos presentan con capacidade de encarnaren un retrato desapiadado e festivo do mundo cristián peninsular. Parece claro que a idea de ‘mozo de moitos amos’, procedente dos relatos de Apuleio e Luciano, é unha vía crítica para denunciar as condutas de diferentes arquetipos humanos. A pegada de Luciano é máis potente incluso ca a de Apuleio, en tanto que o tipo de relato ofrece, ao tempo, unha crítica de condutas sociais e de vicios individuais, presentados sempre a través da perspectiva do humor, a ironía e a sátira. O *Lazarillo* e a súa continuación de Amberes son relatos novos e innovadores, que se opoñen frontalmente á literatura cortesá, medio século antes de que Cervantes desenvolva a nova forma de novelar a partir dunha visión crítica e mordaz da sociedade e das debilidades humanas. A introdución de elementos coma a sátira, o relato en perspectiva e a presentación de tipos humanos tratados con proximidade humana e a procura dos ‘efectos de verdade’ supoñen unha revolución estética de primeiro nivel, xa que ao cambio de perspectiva (‘os de abaixo’) acompaña un cambio de ‘forma do relato’, presentado agora como unha biografía críbel duns personaxes que son recoñecíbeis como tipos sociais. Un relato vivaz, ás veces vertixinoso e fondamente crítico dunha sociedade na que a fractura entre o que se fai e o que se di implica unha perspectiva crítica nova, unha visión diferente e distante da que os relatos da época nos propoñen.

O último problema crítico arredor do *Lazarillo* ten que ver co anonimato do autor. A intervención, censura e expurgación do texto orixinal por parte da Inquisición deixan moi claro o motivo da anonimia e apuntan tamén a priorizar para esa autoría un nome, Francisco de Enzinas, que foi proposto en 2009 polo profesor francés Roland Labarre, poñendo de manifesto as coincidencias entre a pasaxe das *memorias* de Enzinas, escritas en latín, e o episodio do buleiro. En efecto, na tradución española desas *Memorias* (1992) atopamos un sorprendente paralelismo co episodio do buleiro e atopamos tamén a proba do coñecemento persoal de Enzinas dalgúns destes personaxes: “Conozco yo bulderos, cuyos nombres podría dar, que el año 1539, por las bulas que se habían de distribuir durante los tres años siguientes, sólo en aquella parte de España que llaman Castilla, pagaron como adelanto cuatrocientos mil ducados, aparte de otra cantidad mucho mayor que tendrían que abonar en el plazo convenido” (pp. 307-8). O relato que fai Enzinas sobre as estafas da venda das bulas en Castela corresponde ao que nos conta no episodio expurgado pola Inquisición. A ducia de citas dos evanxeos en lingua castelá encaixa ben co feito de que o tradutor dos evanxeos ao castelán é o propio Enzinas (1543), tradución que lle custou catorce meses de prisión en Bruxelas, e encaixa tamén co plan xeral do *Lazarillo* e o seu evidente parentesco coa breve e mordaz novela satírica *Lucio ou o Asno* de Luciano de Samósata. Enzinas traduciu non menos de seis diálogos de Luciano e a primeira parte da *Historia verdadeira*. Traducións publicadas en Estrasburgo, con falso pé de imprenta en Lyon, nos anos 1550 e 1551. A súa morte, aos 34 anos, o 30 de decembro de 1552 na epidemia de peste que asolou Estrasburgo e da que morrería tamén a súa esposa tres meses despois, encaixa ben coa dificultade para atopar o rastro da súa actividade literaria. Sabemos, en todo caso, que ademais de traducir o *Novo testamento*

e varias obras de Luciano, traduciu tamén a outro autor citado ao comezo do prólogo do *Lazarillo*, Marco Tulio Cicerón. A análise do estilo destas traducións e a evidencia de que cara a 1548 estaba escribindo unha obra en lingua castelá, segundo carta do impresor de Basilea Oporino e o feito de que Oporino mantiña relacións con libeiros de Amberes, sustenta unha vía de investigación, até agora case desatendida, para abordar o significado e a intención crítica dese texto ao que a Inquisición primeiro prohibiu e despois censurou durante dous séculos e medio.

Alfredo Rodríguez López-Vázquez

*A vida de
Lazarillo de Tormes;
e das súas fortunas e adversidades*



Lazarillo e o cruel cego.
Ilustración de H. Meissonnier para a tradución
francesa do *Lazarillo* (1846) realizada por Louis Viardot.



Prólogo do Autor a un amigo seu

Eu teño por ben que cousas tan sinaladas, e por ventura nunca ouvidas nin vistas, cheguen ao coñecemento de moitos e non sexan enterradas na sepultura do esquecemento, pois podería ser que aquel que as lea ache algo que lle agrade, e que deleite aos que non afondaren tanto. E a este propósito di Plinio que non hai libro, por mau que sexa, que non teña algunha cousa boa; mormente porque os gustos non son todos iguais, senón que o que un non come, outro morre por iso. E así vemos cousas, tidas a menos por algúns, que por outros non o son. E disto séguese que ningunha cousa se debería romper nin desbotar, se non for moi detestábel, senón que a todos se comunicase; mormente sendo sen prexuízo e podendo tirar dela algún froito, porque, se así non for, moi poucos escribirían para un mesmo, pois non se fai sen traballo. E queren, xa que o pasan, ser recompensados, non con cartos, mais con que vexan e lean as súas obras e, se hai de que, llelas gaben. E a este propósito di Tulio: “A honra cría as artes”.

Quen pensa que o primeiro soldado da escada ten máis aborrecido o vivir? Non, por certo, mais o desexo de louvanza faino exporse ao perigo; e así nas artes e nas letras é o mesmo. Predica moi ben o ordenando¹, e é home que desexa moito o proveito das ánimas, mais pregunten á súa mercé se lle pesa cando lle din: “Oh, que marabillosamente o fixo vosa reverencia!”. Xustou moi cativamente o señor don Fulano e deulle o xibón ao bufón porque o louvaba por levar moi boas lanzas; que faría se fose verdade?

1. ‘Home que vai recibir as ordes sagradas’, isto é, ‘aspirante a clérigo’.

E todo vai deste xeito, que, confesando eu non ser máis santo ca os meus veciños, desta miudeza que neste estilo corrente escribo, non me pesará que participen e gocen disto todos os que nela acharen algún gusto, e vexan que vive un home con tantas desgrazas, perigos e adversidades.

Suplico a vosa mercé reciba o pobre servizo de man de quen o faría máis rico, se o seu poder e o seu desexar fosen conformes. E xa que vosa mercé escribe que se lle escriba e relate o caso moi por extenso, pareceume non comezar polo medio, senón polo principio, porque se teña completa noticia da miña persoa, e tamén porque consideren os que herdaron nobres estados o pouco que se lles debe, pois Fortuna foi con eles parcial, e canto máis fixeron os que, séndolles contraria, con forza e maña remando chegaron a bo porto.



Lázaro conta a súa liñaxe e nacemento

Pois saiba vosa mercé, antes de máis nada, que me chaman Lázaro de Tormes, fillo de Tomé González e de Antona Pérez, naturais de Tejares, aldea de Salamanca. Nacín dentro do río Tormes, motivo polo cal tomei o alcume, e foi deste xeito: meu pai, que Deus o perdoe, era o encargado de prover a moenda dunha acea que está na beira daquel río, na cal foi muiñeiro máis de quince anos; e estando miña nai unha noite na acea, preñada de min, chegoulle a hora do parto e paríume alí mesmo, de xeito que con certeza me podo dicir nacido no río.

Pois sendo eu neno de oito de anos achacáronlle a meu pai certas sangrías mal feitas nos costais dos que alí viñan moer, polo que foi preso, e confesou e non negou, e padeceu persecución da xustiza. Confío en que Deus o teña na gloria, pois o Evanxeo chámalles benaventurados. Neste tempo organizouse certa armada contra os mouros, na que foi meu pai, que naquel momento estaba desterrado polo devandito desastre, como arrieiro dun cabaleiro que alá foi, e co seu señor, como leal criado, perdeu a vida.

Miña viúva nai, véndose sen marido e sen abrigo, determinou arrimarse aos bos por ser un deles, e marchou a vivir á cidade e alugou unha casa, e meteuse a cociñar para certos estudantes, e lavaba a roupa a certos mozos de cabalos do Comendador da Madalena. De xeito que, frecuentando as cocheiras, ela e mais un home moreno, daqueles que coidaban das bestas, trabaron coñecemento. Este viña algunhas veces á nosa casa e marchaba pola mañá; outras veces, chegaba á porta de día, coa desculpa de comprar

ovos, e entraba na casa. A min, ao principio, non me gustaba e tíñalle medo, vendo a cor e o mal aspecto que tiña, mais, así que vin que coa súa chegada melloraba o comer, funlle querendo ben, porque sempre traía pan, anacos de carne e, no inverno, madeiros cos que quecíamos.

De xeito que, continuando a pousada e o parrafeo², miña nai veume a dar del un negriño moi bonito, co cal eu brincaba e ao que axudaba a acougar. E recordo que, estando o negro do meu padraστο enredando co cativo, como vía que miña nai e mais eu eramos brancos, e seu pai non, fuxía del con medo cara a miña nai e, sinalando co dedo, dicía:

—Mama, coco!

E el respondeu rindo:

—Oh, cativo filloputa!

Eu, aínda que ben rapaz, apreciei aquelas palabras de meu irmanciño e dixeran para min: “Cantos debe de haber no mundo que foxen doutros porque non se ven a si mesmos”.

Quixo a nosa fortuna que o parrafeo do Zayde, que así se chamaba, chegase a ouvidos do mordomo e, feita a pescuda, achou que furtaba a media metade da cebada que lle daban ás bestas; e farelos, leña, rascadeiras, panos de limpeza e as mantas e sabas dos cabalos facía perdidizas³, e, cando non había outra cousa, desferraba as bestas e con todo isto acudía xunto de miña nai para criar meu irmanciño. Non nos marabillemos dun crego nin dun frade, porque un furta aos pobres e o outro da casa para llelo dar ás súas devotas e para axuda doutro tanto, cando a un pobre escravo o amor o animaba a isto.

2. ‘Conversación informal’, pero tamén, aquí, co sentido de ‘conversa amorosa’.

3. ‘Que tende a perderse’ ou, no texto orixinal, ‘que se finxe que se perde’.

E probouse todo canto digo e aínda máis, porque a min con ameazas me preguntaban e, como neno, respondía e descubría canto sabía, con medo; até certas ferraduras que, por mandato de miña nai, vendín a un ferreiro. Ao coitado do meu padraστο азoutaron e pringaron⁴, e a miña nai a xustiza impúxolle como pena, ademais do habitual centenario⁵, que non entrase na casa do devandito comendador, nin acollese na súa o magoadο Zayde.

Para que a soga non fose tras o caldeiro⁶, a coitada esforzouse e cumpriu a sentenza e, por evitar o perigo e librarse de máis linguas, marchou a servir os que naquel momento vivían no mesón da Solana e alí, padecendo mil infortunios, acabou de criar meu irmanciño, até que aprendeu a andar. Xa era eu un rapazolo, pois ía xunto dos hóspedes por viño e candeas e todo o que me mandaban.

4. Este castigo consistía en derreter a graxa do touciño nas chagas do condenado.

5. ‘Centenario’ é o habitual castigo de cen azoutes.

6. Aínda que o refrán non parece ser moi frecuente en galego, o CORGA documenta un uso do mesmo: “onde vai a corda ten que ir o caldeiro”.

Asento de Lázaro co cego



Neste tempo veu hospedarse no mesón un cego, o cal, parecéndolle que eu serviría para guialo, pedíume á miña nai e ela encomendoume a el, dicíndolle que eu era fillo dun bo home, o cal, por enxalzar a fe, morrera na dos Gelves, e que ela confiaba en Deus que non saíra peor home ca meu pai e rogáballe que me tratase ben e mirase por min, pois era orfo. El respondeu que así o faría e que me recibía, non como mozo, senón como fillo. E así eu comecei a servir e a guiar o meu novo e vello amo.

Como estivemos en Salamanca algúns días, parecéndolle ao meu amo que a ganancia non era do seu contento, determinou marchar de alí. Cando tiñamos que partir, eu fun ver miña nai e, ambos os dous chorando, deume a súa bendición e dixo:

—Fillo, ben sei que non te verei máis; procura ser bo e que Deus te guíe; crieite e déixote con bo amo, válete ben.

E así marchei xunto do meu amo, que agardando por min estaba.

Sáimos de Salamanca e, chegando á ponte, á entrada dela está un animal de pedra que case ten forma de touro, e o cego mandou que me achegase ao animal e, alí chantado, díxome:

—Lázaro, achega o ouvido a este touro e escoitarás gran ruído dentro del.

Eu, inxenuamente, achegueime, crendo que así sería, e así que sentiu que tiña a cabeza ao par da pedra, puxo a man recia e deume unha gran pancada contra o demo do touro, que máis de tres días me durou a dor da cornada, e díxome:

—Paspán, aprende; que o mozo do cego ten que saber un chisquiño máis ca o demo.

E riu moito coa burla.

Pareceume que naquel intre espertei da simplicidade en que, como neno, estaba adormecido, e dixeron para min: “Verdade di este, que me cómpre abrir ben os ollos e espelirme, pois estou só, e pensar en como me valer”.

Comezamos o noso camiño e en poucos días ensinoume a xiria dos cegos, e como me viu espelido, reloucaba e dicía:

—Eu nin ouro nin prata che podo ofrecer, mais consellos para a vida moitos che darei.

E así aconteceu, que este, despois de Deus, me deu a vida e, sendo cego, alumoume e adestroume na carreira do vivir.

Comprázome en lle contar a vosa mercé estas cativadas para amosar canta virtude hai en que os homes saiban subir estando abaixo e canto vicio en se deixaren rebaixar estando no alto.

Pois volvendo ao bo do meu cego e contando as súas cousas, vosa mercé saiba que desde que Deus creou o mundo non fixo ninguén máis astuto nin sagaz: no seu oficio era unha aguia, máis de cen oracións sabía de cor⁷; un ton grave, repousado e sonoro, que facía resoar na igrexa onde rezaba; un rostro humilde e devoto, que con moi boa compostura puña cando rezaba, sen facer xestos nin espaventos coa boca ou cos ollos, como outros adoitan facer. Alén disto, tiña outras mil formas e maneiras para sacar cartos. Dicía saber oracións para moitos e diversos efectos: para mulleres que non parían, para as que estaban de parto, para as malcasadas teren maridos que as quixesen ben. Facía prognósticos ás preñadas, se traían fillo ou filla; e, canto á medicina —dicía—, Galeno non soubo a metade

7. ‘De memoria’.

do que el para dor de moas, desmaios e males de madre⁸. Finalmente, ningún lle dicía padecer algunha paixón a quen el logo non lle dixese:

—Facede isto, faredes estoutro, collede tal herba, tomade tal raíz.

Por iso andaba todo o mundo tras del, especialmente mulleres, que crían todo canto lles dicía. Delas tiraba el grandes proveitos coas mañas que conto, e gañaba máis nun mes do que cen cegos nun ano.

Mais tamén quero que saiba vosa mercé que, con todo o que adquiría e tiña, non vin xamais home tan avaro e mesquiño, tanto que me mataba de fame e el non se privaba do necesario. Abofé que, se coa miña sutileza e boas mañas non me soubese arranxar, moitas veces tería morto de fame. Mais, malia todo o seu saber e maña, eu contraatacaba de tal xeito que sempre, ou as máis das veces, quedaba co máis e o mellor. Para isto facíalle burlas endemoñadas, das cales contarei algunhas, aínda que non todas sexan ao meu favor.

El traía o pan e todas as outras cousas nun fardel de lona, que se pechaba pola boca cunha argola de ferro e o seu cadeado e chave, e ao meter as cousas e sacalas, facíao con tanta vixilancia e tan minuciosamente que ningún lle escamotearía nin unha migalla. Mais eu tomaba aquela laceira que el me daba, e despachábaa en menos de dúas dentadas. Así que pechaba o cadeado e se descoidaba, pensando que eu estaba ocupado con outras cousas, por unha costura pequena, que moitas veces dun lado do fardel eu descosía e tornaba a coser, sangraba o avarento fardel, sacando non con taxa pan, senón bos anacos, torresmos e longaínza, e así buscaba a ocasión propicia, non para repetir a xogada, senón para remediar a falta en que o mal cego me tiña.

8. ‘Dores na matriz’.

Todo o que podía apañar e furtar traíao en medias brancas⁹. Cando o mandaban rezar e lle daban unha branca, como el carecía de visión, aínda ben non amagaran con lla dar, xa logo a tiña eu na boca, coa media preparada. Así, por rápido que el lle botaba a man, eu xa a trocaba reducida á metade do xusto prezo. Queixábaseme o mal cego, porque polo tacto logo coñecía e se decataba de que non era branca enteira, e dicía:

—Que demo é isto? Que desde que comigo estás non me dan nada máis ca medias brancas e antes unha branca e moitas veces un marabedí me pagaban; en ti debe estar esta desdita.

Tamén el abreviaba o rezar e deixaba as oracións pola metade, porque eu tiña mandato, así que marchaba o que a mandaba rezar, de lle tirar polo cabo do capuz. Eu así o facía. Logo el volvía a dar voces dicindo: “Mandan rezar tal e tal oración?”, como adoitan dicir.

Acostumaba a pór ao seu lado unha xerriña de viño cando comiamos; eu, con presteza, collíaa e dáballe un par de beixos calados e volvía póla no seu sitio, mais non me durou moito, pois nos grolos decatábase da falta, e por manter o seu viño a salvo xa nunca máis desamparaba a xerra e tínaa sempre collida pola asa. Mais non había pedra imán que atraese o ferro como eu o viño cunha palla longa de centeo, que tiña feita para aquel asunto, e, meténdoa na boca da xerra, chuchaba o viño deixándoo a velas vir. Mais, como o traidor era tan astuto, penso que me sentiu e desde entón mudou de costume e asentaba a súa xerra entre as pernas e tapábaa coa man, e así bebía seguro.

Eu, como estaba afeito ao viño, morría por el, e vendo que aquel enxeño da palla non me aproveitaba nin valía,

9. Na Castela da época, unha branca equivalía a medio marabedí, polo que media branca equivale a un cuarto de marabedí.

decidín facer no fondo da xerra unha fonteliña e buraco sutil, e delicadamente, cunha tortiña moi delgada de cera, tapalo; e, no momento de comer, finxindo ter frío, metíame entre as pernas do coitado do cego para me quecer coa cativiña cacharela que tiñamos, e xa á calor dela logo se derretía a cera, por ser moi pouca, e comezaba a fonteliña a destilarme na boca, a cal eu puña de tal xeito que maldita a gota que se perdía. Cando o coitadiño ía beber, non achaba nada, abraiaba, maldicía, mandaba a xerra e o viño ao demo, sen entender o que acontecía.

—Non diredes, tío, que volo bebo eu —dicía—, pois non lle quitades a man de enriba.

Tantas voltas e apalpadas lle deu á xerra, que atopou a fonteliña e descubriu a burla, mais disimulou coma se non se decatase e, logo no día seguinte, tendo eu a miña xerra zumegando como adoitaba, sen reparar no dano que me estaba preparado, nin en que o mal cego me sentía, sentei como adoitaba; estando a recibir aqueles doces grolos, o rostro virado cara o ceo, os ollos medio pechados, por apreciar mellor o saboroso licor, entendeu o desesperado cego que agora tiña tempo de se vingar de min, e, con toda a súa forza, alzando coas dúas mans aquela doce e amarga xerra, deixouna caer sobre a miña boca, axudándose, como digo de todo o seu poder, de xeito que o pobre Lázaro, que non esperaba nada disto, antes ben, como outras veces, estaba descoidado e gozoso, verdadeiramente me pareceu que me caera enriba o ceo, con todo o que hai nel. O golpiño foi tal, que me apampou e quitou o sentido, e o xerrazo tan grande, que os seus anacos me machucaron varias partes da cara, e creboume os dentes, sen os que quedei até o día de hoxe.

Desde aquel intre quixen mal ao cego e, aínda que me quería, mimaba e coidaba, ben vin que desfrutara do cruel

castigo. Lavoume con viño as feridas que me fixera cos anacos da xerra e, ríndose, dicía:

—Que che parece, Lázaro? O que te enfermou sándate e dáche saúde.

E outras grazas que para o meu gusto non o eran.

Así que estiven medio ben do castigo e dos negróns, considerando que o cruel cego se ía librar de min con outras tantas pancadas, quixen eu librar-me del, mais non o fixen tan axiña, por facelo máis a salvo e tirar máis proveito. Aínda que eu quixese asentar o corazón e perdoarlle o xerrazo, non era necesario o maltrato que o mal cego me inflixía desde entón, pois, sen causa nin razón, mancábame dándome croques e arrepelándome. E se alguén lle preguntaba por que me trataba tan mal, deseguido contaba o conto da xerra, dicindo:

—Pensades que este meu mozo é un inocente? Pois escoitade se o demo intentaría outra fazaña coma esta.

Persignándose, os que o escoitaban dicían:

—Mirade quen ía pensar dun rapaz tan pequeno tal ruindade!

E rían moito da artimaña e dicíanlle:

—Castigádeo, castigádeo, que Deus volo recompensará.

E el, con iso, non facía outra cousa.

Por iso, eu sempre o levaba polos peores camiños e adrede, por lle facer mal e dano, se había pedras, por elas, e se lama, pola máis fonda, que, aínda que eu non ía polo máis seco, prestábame crebar un ollo por lle crebar dous ao que ningún tiña. Por causa disto, mazábame seguido co cabo do bastón na caluga, que sempre traía chea de pescozadas e pelada polas súas mans, e aínda que eu xuraba non

facelo con malicia, senón por non achar mellor camiño, nin me aproveitaba nin me cría, tal era o tino e grandísimo entendemento do traidor.

E para que vexa vosa mercé até onde chegaba o enxeño deste astuto cego, contarei un caso dos moitos que con el me aconteceron, no cal me parece que demostrou ben a súa grande astucia. Cando saímos de Salamanca, a súa intención era vir á terra de Toledo, porque dicía que a xente era máis rica, aínda que non moi esmoleira; apoiábase neste refrán: “Máis dá o cativo ca o espido”. E viñemos a este camiño polos mellores lugares. Onde achaba boa acollida e ganancia, detiñámonos; onde non, no terceiro día faciamos San Xoán¹⁰.

Sucedeu que, chegando a un lugar que chaman Almorox, no tempo en que se recollen as uvas, un vendimador deulle un acio de esmola. E como os cestos adoitan ir maltratados, e tamén porque a uva naquel tempo está moi madura, desfacíasele o acio nas mans; se o botaba no fardel, tornábase mosto, e todo o que a el se achegaba. Decidiu facer un banquete, non tanto por non o poder carretar como por me contentar, pois aquel día dérame moitas pancadas e golpes co xeonllo. Sentamos nun valado e dixo:

—Agora eu quero ter contigo unha liberalidade, e é que ambos os dous comamos este acio de uvas e que collas del tanto coma min. Ímolo repartir deste xeito: ti picarás unha vez e eu outra, sempre e cando me prometas non tomar máis dunha uva de cada vez. Eu farei o mesmo até que o rematemos e desta maneira non habrá engano.

Feito así o concerto, comezamos, mais logo na segunda quenda o traidor cambiou de opinión e comezou a tomar as uvas de dúas en dúas, considerando que eu faría o mesmo.

10. ‘Hacer san Juan’, no texto orixinal, que é unha expresión popular en castelán para ‘marchar’.

Como vin que el rompía o acordo, non me contentei con ir á par del, mais aínda lle pasaba diante: de dúas en dúas e de tres en tres e comíaas como podía. Acabado o acio, ficou un pouco co raspallo na man e, meneando a cabeza, dixo:

—Lázaro, enganáchesme, xuraría que ti comiches as uvas de tres en tres.

—Non comín tal —dixen eu—, e logo por que sospeitades iso?

Respondeu o sagacísimo cego:

—Sabes en que vexo que as comiches de tres en tres? En que eu as comía de dúas en dúas e calabas.

Rin para min e, aínda que rapaz, apreciei moito a axeitada consideración do cego.

Mais, por non resultar prolixo, deixo de contar moitas cousas, tan graciosas como de notar, que con este meu primeiro amo me sucederon, e quero contar a despedida e con ela rematar.

Estabamos en Escalona, vila do duque da mesma, nun mesón, e deume un anaco de longaínza para que llo asase. Xa pingara a longaínza e comera as rebandas untadas con gordura, cando sacou un marabedí da bolsa e me mandou que fose por outro tanto de viño á taberna. Púxome o demo a ocasión diante dos ollos, a cal, como adoitan dicir, fai ao ladrón, e foi que había xunto do lume un nabo pequeno, longo e murcho, de tal xeito que, por non valer para a pota, o botaran alí. E como nese intre non había ninguén, senón el e máis eu sós, como me vin con apetito larpeiro, pódome os dentes afiados o saboroso cheiro da longaínza, sabendo que era o único que ía desfrutar, sen mirar o que me podería suceder, posposto todo o medo por cumprir co desexo, en tanto que o cego sacaba da bolsa os cartos, saquei a longaínza e moi rapidamente metín o devandito

nabo no espeto. O cal o meu amo, dándome os cartos para o viño, tomou e comezou a darlle voltas no lume, querendo asar o que polos seus deméritos escapara de ser cocido.

Eu fun polo viño, co cal non tardei en despachar a longaínza, e cando cheguei atopei o coitado do cego, que tiña entre dúas rebandas apertado o nabo, que aínda non recoñecera, porque non o apalpara coa man. Como tomara as rebandas e mordera nelas, pensando tamén levar parte da longaínza, atopouse en frío co frío nabo, alterouse e dixo:

—Que é isto, Lazarillo?

—Laceirado de min —dixen eu— se me queredes achacar algo. E logo non veño eu de traer o viño? Alguén andaría por aí e por se mofar faría iso.

—Non, non —dixo el—, que eu non soltei o espeto da man, non é posíbel.

Eu volvín xurar e perxurar que non tiña parte naquel troco e cambio, mais pouco me aproveitou, pois ás rañas do maldito cego nada se escondía. Levantouse, agarroume pola cabeza e achegouse a min para me cheirar, e como debeu sentir o alento, coma un bo podengo, por mellor se asegurar da verdade, e coa ansia que levaba, colléndome coas mans, abriume a boca máis do seu dereito e desatinadamente meteu o nariz, o cal tiña longo e afiado, e naquela ocasión, polo anoxo, aumentáralle un palmo, co pico do cal me chegou até o pinguelo. Entón, debido ao medo que tiña e ao pouco tempo que pasara desde a comida, a negra longaínza aínda non fixera asento no estómago e, o máis importante, co sobresalto do cumpridísimo nariz, que me deixara medio afogado, todas estas cousas se xuntaron e foron causa de que o feito e larpeirada se manifestase e a propiedade se devolvese ao seu dono. De xeito que, antes de que o mal cego sacase da miña boca a súa trompa, o

meu estómago sentiu tal alteración que lle deu co furtado nela, de maneira que o seu nariz e a negra e mal mastigada longaínza saíron a un tempo da miña boca.

Oh, gran Deus, quen estivese naquel intre sepultado, que morto xa o estaba! Foi tal o enfado do perverso cego que, se non tivesen acudido polo ruído, penso que non me deixaría con vida. Sacáronme de entre as súas mans, deixándollas cheas dos poucos cabelos que tiña, coa cara rabuñada e o pescozo e a gorxa gaduñados, e isto ben o merecía, pois pola miña maldade padecín tantas persecucións.

Contaba o mal cego a todos cantos alí se achegaban os meus desastres e dáballes conta, unha e outra vez, tanto da da xerra como da do acio, e agora da do presente. Era tan grande a risa de todos, que toda a xente que pasaba pola rúa entraba a ver a festa; mais con tanta graza e donaire contaba o cego as miñas fazañas, que aínda que eu estaba tan maltratado e chorando, parecíame que lle facía unha inxustiza se non llas ría. E en canto isto pasaba, veume á memoria unha covardía e frouxidade que tiven, pola que me maldicía, e foi non deixalo sen narices, pois tiven tempo dabondo para iso, que a metade do camiño estaba andado, que só con apertar os dentes, quedaríanme na casa e, aínda que fosen daquel malvado, por ventura o meu estómago teríao retido mellor do que retivo a longaínza, e, non parecendo elas, podería negar a demanda. Prouguera a Deus que o fixera, que tanto daría.

Amigáronnos a mesoneira e os que alí estaban e, co viño que para beber lle trouxera, laváronme a cara e a gorxa, sobre o cal o cego se chanceaba, dicindo:

—Con certeza, este mozo gástame máis viño en lavatorios ao cabo do ano do que eu bebo en dous. Ao menos, Lázaro, débesslle máis ao viño que a teu pai, porque el te procreou unha vez, mais o viño tenche dado a vida mil veces.

E logo contaba cantas veces me tiña mallado e rabuñado a cara e con viño logo sandaba.

—Eu dígoche —dixo— que se un home no mundo ha de ser benaventurado con viño, que serás ti.

E rían moito os que con el me lavaban, aínda que eu arrenegaba. Mais o prognóstico do cego non foi errado, que, desde alí para acó, moitas veces recordo aquel home, que sen dúbida debía ter o don da profecía, e pésanme os sabores que lle fixen, aínda que ben llos paguei, considerando que o que aquel día me dixo foi tan certo como vosa mercé escoitará.

Visto isto e as más burlas coas que o cego se burlaba de min, determinei finalmente deixalo, e como o tiña pensado e era a miña vontade, con este derradeiro xogo que fixo confirmeino definitivamente e foi así que, logo no día seguinte, saímos pola vila a pedir esmola; e chovera moito a noite antes e porque ese día tamén chovía andaba rezando debaixo dunhas arcadas que naquela vila había, onde non nos mollabamos, mais como a noite se achegaba e o chover non cesaba, díxome o cego:

—Lázaro, esta auga é moi teimosa, e canto máis pecha a noite, máis recia; acollámonos na pousada a tempo.

Para ir aló tiñamos que pasar un arroio, que viña con moita auga. Eu díxenlle:

—Tío, o arroio vai moi ancho, mais, se queredes, eu procuro por onde atravesemos máis axiña, sen nos mollarmos, porque alí estréitase moito e dun salto pasaremos cos pés secos.

Pareceulle bo consello e dixo:

—Discreto es, por iso che quero ben. Lévame a ese lugar onde o arroio se fai angosto, que agora é inverno e a auga senta mal, e máis levar os pés mollados.

Eu, vendo que todo se acomodaba ao meu desexo, saqueino de debaixo das arcadas e leveino dereito a un piar ou poste de pedra que na praza estaba, sobre o cal, e sobre outros, cargaban os saíntes daquelas casas e díxenlle:

—Tío, este é o paso máis angosto que no arroio hai.

Como chovía recio e o coitado se mollaba, e coa présa que levabamos por escaparmos da auga que enriba nos caía e, o máis importante, porque Deus lle cegou naquel momento o entendemento para me permitir a vinganza, creume e dixo:

—Ponme ben dereito e salta ti o arroio.

Eu púxeno dereito cara o piar e dei un salto, póndome detrás do poste, como quen espera a investida dun touro, e díxenlle:

—Ala! Saltade todo o forte que poidades para chegardes a esta beira da auga.

Aínda apenas rematara de dicilo, cando se abalanzou o pobre cego, coma cabrón, e con toda a súa forza arremeteu, dando un paso atrás para coller pulo e facer maior salto, e bateu coa cabeza no poste, que soou tan recio coma se dese cunha gran cabaza, e caeu logo para atrás medio morto e coa cabeza fendida.

—E logo? Cheirastes a longaínza e non o poste? Cheirade, cheirade! —díxenlle eu.

E deixeiño en poder de moita xente que fora a socorrelo, e cheguei á porta da vila nun trote, e antes de que a noite caese dei comigo en Torrijos. Noouben máis o que Deus fixo del, nin me preocupei de sabelo.

Como Lázaro asentou cun crego



No día seguinte, parecéndome non estar alí seguro, marchei a un lugar que chaman Maqueda, onde os meus pecados toparon cun crego que, achegándose a pedirlle esmola, me preguntou se sabía axudar na misa; eu dixen que si, como era verdade, que, aínda que maltratado, mil cousas boas me ensinou o coitado do cego, e unha delas foi esta. Finalmente o crego recibíume, fuxín da tixola e dei nas brasas, porque, en comparación con este, o cego era un Alexandre Magno, con ser a mesma avaricia en persoa, tal como contei: non digo máis, senón que toda a laceira do mundo estaba encerrada neste, non sei se da súa colleita ou fora anexada co hábito de clerecía.

El tiña unha artesa vella e pechada con chave, que traía atada a un cordón do paletó, e en canto chegaba co boliño da igrexa, el mesmo o botaba na arca e volvía a pechala. E en toda a casa non había cousa ningunha de comer, como adoita acontecer noutras: algún touciño colgado no fumeiro, algún queixo posto nunha táboa ou no armario, algún queipo con algúns bocados de pan que sobran da mesa; que me parece que, aínda que non me aproveitase diso, só con velo me consolaría. Soamente había unha restra de cebolas e, baixo chave, nunha cámara no alto da casa. Destas eu tiña de ración unha para cada catro días, e cando lle pedía a chave para ir por ela, se alguén estaba presente, botaba man ao peto e con gran compostura desatábaa e dábama, dicindo:

—Toma e devólvea deseguido, e non fagades senón larpar.

Coma se baixo aquela chave estivesen todas as conservas de Valencia, cando non había na devandita cámara —como

dixen— outra maldita cousa máis ca as cebolas colgadas dun cravo, as cales el tiña tamén ben contadas, que, se por culpa dos meus pecados eu collese máis do que me correspondía, custaríame caro. Ao cabo, eu morría coa fame.

Pois xa que comigo tiña pouca caridade, consigo usaba máis. Cinco brancas de carne era o seu ordinario para xantar e cear. Certo é que repartía o caldo comigo; canto á carne, nin vela, porque só me daba un pouco de pan, e pregáballe a Deus que matase a metade da miña fame.

Os sábados cómense nesta terra cabezas de carneiro, e enviábame a por unha que custaba tres marabedís. Eu cocíallla e el comía os ollos e a lingua e o cocote e os miolos e a carne que nas queixadas tiña; e dábame todos os ósos roídos, e dábamos no prato, dicindo:

—Toma, come, triunfa, que o mundo é teu, tes mellor vida ca o Papa.

“Deus lle dea o mesmo”, dicía eu, quedo, para min.

Despois de tres semanas que estiven con el, volvinme tan débil que non me podía ter en pé, de pura fame. Vinme claramente preto da sepultura, se Deus e a miña sabedoría non o remediasen. Non tiña como usar as miñas mañas, por non haber oportunidade para asaltalo, e aínda que houberse algo, non podería cegalo como lle facía ao que Deus perdoe, se non morreu daquela turrada, que a pesar de todo, aínda que astuto, por lle faltar aquel prezado sentido, non me sentía; mais estoutro, non hai ninguén que teña tan aguda vista como el tiña. Cando estabamos no ofertorio, ningunha branca caía na cuncha que non fose por el rexistrada; tiña un ollo na xente e outro nas miñas mans, bailábanlle os ollos nos cascós, coma se fosen de azogue; contaba cantas brancas ofrecían, e, rematado o ofertorio, logo me quitaba a cunchiña e púña sobre o

altar. Eu non fun quen de lle coller unha branca en todo o tempo que con el vivín ou, mellor dito, morrín. Da taberna nunca lle trouxen unha branca de viño, mais aquel pouco que metera da ofrenda na súa artesa rexíao de tal xeito que lle duraba toda a semana, e por ocultar a súa grande mesquindade dicíame:

—Mira, mozo, os sacerdotes han de ser moi comedidos no seu comer e beber, e por iso eu non me desmando como outros.

Mais o laceirado mentía cativamente, porque nas confrarías e enterros en que rezamos, por conta dos demais comía coma lobo e bebía máis ca un menciñeiro.

E xa que falei de enterros, Deus me perdoe, que xamais fun inimigo da natureza humana, senón entón, e isto era porque comiamos ben e me fartaba. Desexaba, e até rogaba a Deus, que cada día morrese alguén. E cando dabamos sacramento aos enfermos, especialmente a extrema unción, ao mandar o crego rezar aos que alí estaban, certamente eu non era o derradeiro na oración, e con todo o meu corazón e boa vontade rogaba ao Señor, non para que fixese a súa parte (como se adoita dicir), mais para que o levase deste mundo, e cando algún destes escapaba, Deus me perdoe, mil veces lle pedía ao demo que o levara, e o que morría outras tantas bendicións levaba ditas por min, porque en todo o tempo que alí estiven, que serían case seis meses, só faleceron vinte persoas e estas ben creo que as matei eu, ou mellor dito, morreron a requirimento meu, porque vendo o Señor a miña rabiosa e continua morte, penso que se compracía en matalos por salvarme a min a vida. Mais para o que daquela padecía, non achaba remedio, pois se o día que enterrabamos eu vivía, os días que non había morto, por quedar acostumado á fartura, tornando á miña fame cotiá, máis a sentía. De maneira que en nada achaba

descanso, salvo na morte, que tamén para min mesmo, coma para os outros, eu desexaba algunhas veces, mais non a vía, aínda que estaba sempre en min.

Pensei moitas veces fuxir daquel mesquiño amo, mais por dúas cousas ficaba. A primeira, por non confiar nas miñas pernas, por medo da fraqueza, pois de pura fame andaba derreado. A segunda, matinaba e dicía: “Eu tiven dous amos: o primeiro traíame morto coa fame, e, deixándoo, topei con estoutro, que xa me ten con ela na sepultura; pois se deste desisto e dou noutro máis baixo, que será senón fenecer?”. Con isto, non ousaba rebulir, porque tiña por fe que todos os graos había achar máis ruíns, e que, de baixar outro punto, non había soar Lázaro nin se ouviría no mundo.

Pois estando en tal aflicción cal praza ao Señor librar dela todo fiel cristián, e sen saber que consello tomar, véndome ir de mal en peor, un día que o cativo, ruín e cotroso do meu amo marchara fóra do lugar, cadrou que se achegase á miña porta un caldeireiro, o cal eu creo que foi anxo enviado a min pola man de Deus naquela fasquía. Preguntoume se tiña algo que compor. “En min tiñades moito que facer, e non fariades pouco se me reparásedes”, dixeran, tan quedíño que non me ouviu. Mais como non era tempo de o gastar en facer grazas, alumado polo Espírito Santo, díxenlle:

—Tío, perdín unha chave desta arca e temo o meu señor me azoute; pola vosa vida, vede se nesas que traedes hai algunha que valla, que eu volo pagarei.

Comezou a probar o anxélico caldeireiro, unha por unha, as dunha gran sarta que delas traía, e eu a axudalo coas miñas fracas oracións. De súpeto, vin en figura de pans —como din— a cara de Deus dentro da arca, e, aberta, díxenlle:

—Eu non teño cartos para vos dar pola chave, mais tomade de aí o pago.

El tomou un boliño daqueles, o que mellor lle pareceu, e dándome a miña chave marchou moi contento, e deixándome máis a min. Mais non toquei en nada, para que a falta non fose sentida; e mesmo, como me vin de tanto ben señor, pareceume que a fame non ousaba achegárseme.

Veu o cativo do meu amo e quixo Deus que non reparase na oblación que o anxo levara. E o día seguinte, cando saíu da casa, abrín o meu paraíso panal e tomei entre as mans e dentes un boliño, e en dous credos fíxeno invisíbel, sen que a arca me quedase aberta. E comecei a varrer a casa con moita alegría, parecéndome que con aquel remedio remediaria de alí en adiante a triste vida. E así estiven con aquilo, aquel día e o outro, feliz. Mais a miña fada non quixo que me durase moito aquel descanso, porque decontado, ao terceiro día, me veu a terzá dereita, e foi que vin a deshora o que me mataba de fame a andar na nosa arca, mexendo e remexendo, contando e volvendo contar os pans. Eu disimulaba, e na miña secreta oración e devoción e pregarias dicía: “San Xoán, cégaol!”.

Así que estivo un bo anaco a facer a conta, por días e por dedos contando, dixo:

—Se non tivese tan ben gardada esta arca, diría que tomaran dela pans; mais de hoxe en diante, só por pecharlle porta á sospeita, quero ter boa conta deles: nove fican, e un anaco.

“Novas más che dea Deus”, dixen eu para min.

Pareceume, co que dixo, que me atravesaba o corazón con seta de monteiro, e comezou a fame a me rañar no estómago, que xa se vía outra vez suxeito á dieta pasada. Saíu da casa, e eu, por consolarme, abrín a arca. Non ben vin o pan, comecei a adoralo, non ousando recibilo. Conteinos, non fose que o cotroso se enganase, e achei a súa conta máis verdadeira do que eu quería. O máis que eu

puiden facer foi dar neles mil beixos, e, con tanto coidado como puiden, do que xa estaba partido partín un pouco a rentes do último corte, e con aquilo pasei aquel día, non tan alegre coma o pasado. Mais como a fame medrase, mormente porque xa tiña o estómago afeito a máis pan logo daqueles dous ou tres días xa ditos, eu morría má morte, tanto que, cando me vía só, non facía outra cousa que abrir e pechar a arca e contemplar naquela cara de Deus (que así din os nenos).

Mais o mesmo Deus, que socorre os aflixidos, véndome en tal estreiteza, trouxo á miña memoria un pequeno remedio, que, considerándoo nos meus adentros, dixeran:

“Este arquetón é vello, grande, e está roto e ten algúns buratos pequenos por algunhas partes. Pódese pensar que os ratos, entrando nel, mancan este pan. Sacalo enteiro non é cousa conveniente, porque verá a falta quen en tanta me fai vivir. Isto ben se sofre”.

E comecei a esfaragullar o pan sobre uns non moi custosos manteis que alí estaban, e collín un e deixei outro, de xeito que, de tres ou catro que había, en cada cal esfaragullei o seu pouquichiño. Despois, coma quen toma unha pílula, comino, e algo me consolei. Mais el, como veu a comer e abriu a arca, creu seren ratos os que fixeran o dano, porque o fixera cuspidiño a como eles adoitan facelo.

Mirou toda a arca de cabo a rabo, e viuille certos buratos por onde sospeitaba que entraran. Chamoume dicindo:

—Lázaro, mira, mira que persecución veu esta noite polo noso pan.

Eu fixenme o marabillado, preguntándolle que sería.

Que vai ser? —dixo el—: ratos, que non deixan cousa sa!

Puxémonos a comer e quixo Deus que aínda nisto me fose ben, pois caeume máis pan ca a laceira que me adoitaba dar, porque raspou cun coitelo todo o que pensou que estaba roído dos ratos, dicindo:

—Come isto, que o rato cousa limpa é.

E así aquel día, engadindo a ración do traballo das miñas mans (ou das miñas unllas, por mellor dicir), acabamos de comer, aínda que eu nunca empezaba. E despois veume outro sobresalto, que foi velo andar solícito, quitando puntas das paredes e buscando taboíñas, coas cales cravou e pechou todos os buratos da vella arca.

“Oh, meu Señor!”, dixen eu entón. “A canta miseria e azares e desastres estamos expostos os nacidos, e que pouco duran os praceres desta a nosa traballosa vida! Velaquí que eu coidaba con este pobre e triste remedio remediar e pasar a miña penuria, e estaba xa un chisco alegre e de boa ventura, mais non o quixo a miña desventura, ao espertar o mesquiño do meu amo e pórllle máis dilixencia da que el de seu tiña (pois, polo xeral, os cotrosos nunca dela carecen), de tal xeito que agora, pechando os buratos da arca, pechase a porta ao meu consolo e llela abrise aos meus traballos”.

Así me laiaba eu, namentres que o meu solícito carpinteiro, con moitas puntas e taboíñas, deu fin á súa obra, dicindo:

—Agora, meus señores ratos traidores, convenvos mudar de propósito, que nesta casa má medranza ides ter.

Así que saíu da casa, fun ver a obra e achei que non deixara na triste e vella arca burato ningún, nin sequera por onde puidese entrar un mosquito. Abrín coa miña desaproveitada chave, sen esperanza de tirar proveito, e vin os dous ou tres pans encetados, os que meu amo crera roídos dos ratos, e deles aínda saquei unha miseria, tocándoos lixeiramente, ao xeito dun destro esgrimidor.

Como a necesidade é tan gran mestra, véndome con tanta, sempre noite e día estaba a matinar no xeito que tería en sustentar o vivir, e penso, para achar estes negros remedios, que me era luz a fame, pois din que o enxeño con ela se aviva, e a contrario coa fartura, e abofé que así era en min. Pois estando unha noite desvelado con este pensamento, pensando como me podería valer e aproveitarme da arca, sentín o meu amo durmir (porque o amosaba con roncar e nuns funguidos que daba cando estaba durmindo). Erguinme moi quedíño e, logo de pensar no día o que había facer e deixar un coitelo que por alí andaba en parte onde o atopase, fun á triste arca e, por onde vira que tiña menos defensa, acometina co coitelo, que a maneira de barreno del usei. E como a antiquísima arca, por ser de tantos anos, a achase sen forza e corazón, mais moi branda e relada, decontado se me rendeu, e consentiu no seu costado, para o meu remedio, un bo burato. Isto feito, abríñ, moi ás caladas, a chagada arca, e, ao tentar o pan que achei partido, fixen *como juso está escrito*, e, con aquilo un pouquiño consolado, volvina pechar e regresei ás miñas pallas, nas cales repousei e durmín un pouco, o cal eu facía mal e apúñallo ao non comer, e así sería, pois abofé que daquela non me debían de quitar o sono as coitas do rei de Francia.

Ao outro día foi polo señor meu amo visto o dano, así do pan coma do burato que eu fixera, e comezou a mandar os ratos ao demo e dicir:

—Que diremos disto? Nunca sentir ratos nesta casa, senón agora?

E, sen dúbida, debía de dicir verdade, porque se casa tiña que haber no reino xustamente deles exenta, aquela por forza tiña que ser, porque non adoitan morar onde non hai que comer. Volveu buscar puntas pola casa e polas paredes

e tapar os buratos coas taboíñas. Vida a noite e o seu repouso, logo xa estaba eu posto en pé co meu aparello, e cantos el tapaba de día, destapábaos eu de noite. De tal xeito foi e tal présa nos demos, que sen dúbida por isto se debeu de dicir: “Onde unha porta se pecha, ábrese outra”. En fin, parecíamos ter encomendada a tea de Penélope, pois canto el tecía de día, rompíao eu de noite, e en poucos días e noites puxemos a pobre artesa de tal maneira que quen quixese falar con propiedade había chamala máis *coirazas vellas doutro tempo ca artesa*, segundo tiña sobre si os cravos e as a chatolas.

Desque viu que o seu remedio non lle aproveitaba nada, dixo:

—Esta arca está tan maltratada e é de madeira tan vella e fraca que non haberá rato a quen resista, e xa vai tal que, se andamos máis con ela, nos deixará sen garda, e aínda o peor será que, malia que fai pouca, aínda fará falla ao faltar, e porame no gasto de tres ou catro reais. O mellor remedio que acho, pois o de até aquí non aproveita, é entrapar por dentro estes ratos malditos!

De seguido buscou prestada unha rateira, e con codias de queixo que aos veciños pedía, decote a mureira estaba armada dentro da arca, o cal era para min singular auxilio, porque, aínda que eu non necesitaba moitas salsas para comer, aínda así me gorentaban as codias de queixo que da rateira sacaba, e á parte disto, non perdoaba o roer do boliño.

Como achaba o pan roído e o queixo comido e non caía o rato que o comía, dábase ao demo, preguntaba os veciños como podía ser aquilo de comer o queixo e sacalo da rateira e non caer nin ficar dentro o rato e achar caído o cepo do garamelo. Conviñeron os veciños en non ser o rato o que este dano facía, porque non podía ser que non caíse algunha vez. Díxolle un veciño:

—Na vosa casa eu acordo que adoitaba andar unha cóbrega, e esta debe de ser, sen dúbida. Abofé que, como é longa, pode coller o cebo e, aínda que o cepo lle caia enriba, como non entra toda dentro, volve saír.

Cadroulles a todos o que aquel dixo, e alterou moito o meu amo; e de alí en diante non durmía tan a sono solto, que calquera couza que de noite soase el pensaba ser a cóbrega que lle roía a arca; axiña estaba posto en pé, e cun garrote que á cabeceira —desde que aquilo lle dixeran— puña, daba na malpocada da arca grandes garrotazos, pensando espantar a cóbrega. Os veciños espertábaos co estrondo que facía, e a min non me deixaba durmir: íase ás miñas pallas e trastornábaas, e a min con elas, pensando que a cóbrega se ía para min e se envolvía nas miñas pallas ou no meu saio, porque lle dicían que, de noite, ocorríalles a estes animais, procurando calor, ir aos berces onde están as criaturas e mesmo trabar nelas e facelas perigar. Eu as máis das veces facíame o durmido, e á mañá dicíame el:

—Esta noite, rapaz, non sentiches nada? Pois tras a cóbrega andei, e mesmo coido que ha ir onda ti á cama, que son moi frías e buscan calor.

—Queira Deus que non me trabe —dicía eu—, que moito medo lle teño.

Deste xeito andaba tan espelido e somnámbulo que, abofé, a cóbrega —ou o cóbrego, por mellor dicir— non ousaba roer de noite nin levantarse á arca. Mais de día, mentres estaba na igrexa ou pola aldea, facía os meus asaltos, os cales danos vendo el, e o pouco remedio que lles podía pór, andaba de noite —como digo— feito trasno. Eu tiven medo de que con aquelas dilixencias non me topase coa chave que debaixo das pallas tiña, e pareceume o máis seguro metela de noite na boca, porque, desde que vivira

co cego, tíña tan feita bolsa que me cadrara de ter nela doce ou quince marabedís, todo en medias brancas, sen que me estorbasen o comer, porque doutra maneira non era dono dunha branca que o maldito cego non me dese con ela, non deixando costura nin remendo que non me buscasse moi a miúdo.

Pois, así como digo, metía cada noite a chave na boca e sen receo de que o bruxo do meu amo dese con ela. Mais cando a desgraza está por vir, escusada é dilixencia. Quixeron os meus fados —ou, por mellor dicir, os meus pecados— que, unha noite que estaba a durmir, a chave se me puxese na boca, que aberta debía ter, de tal maneira e postura que o aire e folgo que eu durmindo botaba saía polo oco da chave (que de canudo era), e asubiaba, segundo o meu desastre quixo, moi forte, de tal xeito que o desacougado do meu amo o ouviu e creu ser o asubío da cóbrega, e de certo que o debía parecer. Ergueuse moi quedo co seu garrote na man, achegouse a min con moita quietude, para non ser sentido da cóbrega, e, así que se viu cerca, pensou que alí, nas pallas onde eu estaba deitado, á miña calor viñera, e, levantando ben o pau, pensando tela debaixo e darlle tal garrotazo que a matase, con toda a súa forza descargoume na cabeza tan gran golpe que sen sentido ningún e moi mal escacholado me deixou.

Como sentiu que me dera, segundo eu debía facer grandes extremos co duro golpe, contaba el que se achegara a min e, dándome grandes berros, chamando tratou de acordarme. Mais, ao me tocar coas mans, tentou o moito sangue que se me ía e coñeceu o moito dano que me fixera, e con moita présa foi buscar unha candeia, e ao chegar con ela atopoume laiándome, aínda coa miña chave na boca —que nunca a desamparei—; a metade dela fóra, xusto daquela maneira como debía estar cando asubiaba con ela.

Abraiado o matador de cóbregas co que podería ser aquela chave, mirouna, sacándoma enteira da boca, e viu o que era, porque nos dentes nada da súa difería; foi logo probala e con ela probou a argallada. Debeu de dicir o cruel cazador: “O rato e cóbrega que me daban guerra e me comían a facenda, xa os atopei”. Do que ocorreu naqueles tres días seguintes, ningunha fe darei, porque os pasei no ventre da balea, mais si de que isto que contei llo ouvín —despois de volver en min— dicir ao meu amo, o cal a cantos por alí viñan llelo contaba por extenso.

Ao cabo de tres días recobrei eu o sentido e vinme deitado nas miñas pallas, a cabeza toda emplastada e chea de aceites e unturas, e, espantado, dixeran:

—Que é isto?

Respondeume o cruel sacerdote:

—Abofê que xa cacei os ratos e cóbregas que me arruinaban.

E mireime e vinme tan maltratado que axiña sospeitei o meu mal. Daquela entrou unha vella que ensalmaba e mais os veciños, e comézanme a quitar trapos da cabeza e curar o garrotazo, e, como me atoparon volto en min, aledáronse moito e dixeron:

—Pois acordou, pracerá a Deus que non sexa nada.

E alí volveron outra volta a contar as miñas coitas e a rilas, e eu, coitado, a choralas. Así e todo, déronme de comer, que estaba transido de fame, e apenas puideron remediarme, e así, pouco e pouco, aos quince días erguinme e estiven sen perigo —mais non sen fame— e medio san. Ao día seguinte de me erguer, o señor meu amo tomoume pola man e sacoume á porta fóra, e, posto na rúa, díxome:

—Lázaro, de hoxe en diante es teu e non meu; busca amo e vai con Deus, que eu non quero na miña compañía tan dilixente servidor; non pode ser senón que foses mozo de cego!

E persignándose ante min, coma se eu estivese endiañado, volveu meterse na casa e pechou a súa porta.



Asento de Lázaro cun escudeiro

Desta maneira foime forzado tirar forzas de onde as non había, e, pouco a pouco, coa axuda das boas xentes, dei comigo nesta insigne cidade de Toledo, onde, coa mercé de Deus, aos quince días me cerrou a ferida. E mentres estaba mao sempre me daban algunha esmola, mais así que sandei, dicíanme todos:

—Ti es un lacazán e un moinante; busca, busca un amo a quen sirvas!

“E onde se achará tal —diciá eu para min—, se Deus agora de novo, como creou o mundo, non o crease?”.

Andando así a matinar de porta en porta con ben pouco remedio, porque xa a caridade subiu ao ceo, fíxome Deus topar cun escudeiro que ía pola rúa con decente vestido, ben peiteado, o seu paso e compás en orde. Miroume, e eu a el, e díxome:

—Mozo, procuras amo?

Eu díxenlle:

—Procuro, señor.

—Pois ven tras de min —respondeume—, que Deus che fixo mercé en te facer topar comigo; algunha boa oración rezaches hoxe!

E seguino, dando grazas a Deus polo que lle ouvín e tamén porque me parecía, segundo o seu vestir e compostura, ser o que a min me era mester. Era de mañá cando con este

meu terceiro amo topei, e levoume tras de si gran parte da cidade. Pasamos polas prazas onde se vendía pan e provisiones. Eu pensaba e mesmo desexaba que alí me quixese cargar do que se vendía, porque esta era a hora exacta en que un adoita proverse do necesario, mais con paso moi lixeiro ía pasando xunto a estas cousas. “Se cadra non o atopa aquí ao seu gusto”, dicía eu, “e quererá que o merquemos noutra parte”.

Desta maneira andamos até que deron as once. Entón entrou na catedral, e eu tras del, e moi devotamente vino ouvir misa e os outros oficios divinos, até que todo rematou e a xente marchou. Entón saímos da igrexa e, con paso longo e apertado, comezamos a ir por unha rúa abaixo. Eu ía o máis alegre do mundo en ver que non nos ocupáramos de buscar que comer. Ben considerei que debía ser home, o meu novo amo, que se provía por xunto, e que o xantar estaría a punto e tal e como eu o desexaba e mesmo me era mester.

Neste tempo deu o reloxo a unha despois de mediodía, e chegamos a unha casa ante a cal o meu amo parou, e eu con el, e, deixando caer a punta da capa sobre o lado esquerdo, sacou unha chave da manga e abriu a súa porta, e entramos na casa, a cal tiña a entrada escura e lóbrega, de tal xeito que semellaba que metía medo aos que nela entraban, aínda que dentro dela había un patio pequeno e habitacións espazosas dabondo.

Así que entramos, quitou de sobre si a súa capa e, preguntando se tiña as mans limpas, sacudímolaa e dobrámolaa, e, moi limpamente, soprando un banco que alí estaba, púxoaa nel e, feito isto, sentou a carón dela, preguntándome moi por extenso de onde era e como viñera a aquela cidade. Eu deille conta máis longa do que quería, porque me semellaba hora máis conveniente para mandar pór a mesa e encher as escudelas na pota que para o que el

me pedía. Así e todo, eu satisfacín a súa curiosidade sobre a miña persoa coas mellores mentiras que dei argallado, dicindo o bo e calando o demais, porque coidaba que non eran cousas decentes para as contar en sala.

Isto feito, estivo así un pouco, e eu decontado vin mal sinal, por ser xa case as dúas e non lle ver máis ánimo de xantar ca a un morto. Alén disto, consideraba aquel ter pechada a porta con chave, nin sentir enriba nin embaixo pasos de viva persoa; todo o que vira eran paredes, sen ver nela cadeira, nin tallo, nin banco, nin mesa, nin aínda unha artesa coma a sobredita; finalmente, ela semellaba casa encantada. Estando así, díxome:

—Ti, mozo, xa comiches?

—Non, señor —dixen eu—, que aínda non deran as oito cando con vosa mercé topei.

—Pois, con ser de mañanciña, eu xa almorzara —di—, e cando así como algo, fágote saber que até a noite fico así; por iso, amáñate como puideres, que despois cearemos.

Vosa mercé crea, cando isto lle ouvín, que estiven a piques de caer redondo, non tanto de fame como por coñecer que a fortuna me era de todo adversa. Alí representáronse de novo as miñas fatigas e volví chorar os meus traballos; alí veume á memoria a consideración que facía cando pensaba deixar o crego, dicindo que, aínda que aquel era desventurado e mesquiño, talvez toparía con outro peor; finalmente, alí chorei a miña traballosa vida pasada e a miña veciña morte vindeira, e, con todo, disimulando o mellor que puiden, dixen:

—Señor, mozo son que non me fatigo moito por comer, bendito sexa Deus; diso poderei gabarme entre todos os

meus iguais, por de mellor gorxa¹¹, e así fun eu louvado dela até hoxe polos amos que eu tiven.

—Virtude é esa —dixo el— e por iso heite querer eu máis, porque comer a fartar é de porcos e facelo con xeito é de homes de ben.

“Ben te entendín”, dixeran eu para min. “Malia tanta medicina e bondade como estes meus amos que eu atopo atopan na fame!”.

Púxenme a un lado do portal e tirei uns anacos de pan do seo, que me quedarán dos de pedir por Deus. El, que viu isto, díxome:

—Ven acá, mozo. Que comes?

Eu achegueime a el e amoseille o pan. Colleume el un anaco —de tres que eran, o mellor e máis grande—, e díxome:

—Por vida miña que semella bo pan este!

—E logo como é —dixen eu—, señor, que agora é bo?

—Abofé que o é! —dixo el—. Onde o conseguiches? Será amasado de mans limpas?

—Non sei eu —díxenlle—, mais a min non me dá noxo o sabor diso.

—Así praza a Deus —dixo o pobre do meu amo.

E levándoo á boca comezou a dar nel tan feras dentadas como eu no outro.

—Saborosísimo pan este —dixo el—, por Deus!

11. Segundo Sebastián de Covarrubias, a expresión “ser de buena garganta” úsase co sentido de ‘ser temperado, non ser larpeiro’ (*Tesoro de la lengua castellana o española*, s.v. “garganta”).

E como sentín de que pé coxeaba, bulín —porque o vin en disposición, se acababa antes ca min, de se ofrecer a axudarme co que me quedase—, e con isto acabamos case a un tempo. Comezou a sacudir coas mans unhas poucas de migallas, e ben miúdas, que no peito lle quedaran, e entrou nunha camariña que alí estaba e sacou unha xerra esbicada e non moi nova, e así que bebeu, convidoume con ela. Eu, por facer o comedido, díxenlle:

—Señor, non bebo viño.

—Auga é —respondeume—, ben podes beber.

Entón tomei a xerra e bebín, non moito, porque de sede non era a miña congoxa.

Así estivemos até a noite, falando de cousas que me preguntaba, ás cales eu lle respondín o mellor que souben. Entre tanto meteume na cámara onde estaba a xerra da que beberamos, e díxome:

—Mozo, ponte alí e verás como facemos esta cama, para que a saibas facer de aquí en diante.

Púxenme dun lado e el do outro, e fixemos a negra cama, na cal non había moito que facer, porque tiña sobre uns bancos un estrado sobre do cal estaba estendida a roupa enriba dun negro colchón —que, por non estar moi afeito a se lavar, non semellaba colchón, aínda que servía de tal— con ben menos la da que era mester. Aquel tendemos, con mentes de abrandalo, o cal era imposíbel, porque do duro mal se pode facer brando. O demo do xergón maldita cousa tiña dentro de si, que, posto sobre o estrado, todas as táboas se notaban, e parecían, moi ao xeito, costelar de fraquísimo corpo. E sobre aquel famento colchón, un cobertor da mesma estofa, cuxa cor eu non puider distinguir.

Feita a cama e a noite vida, díxome:

—Lázaro, xa é tarde, e de aquí á praza hai gran treito; amais, nesta cidade andan moitos ladróns que, sendo noite, rouban as capas; amañémonos como poidamos, e mañá, ao raiar o día, Deus nos fará mercé, pois eu, por estar só, non estou provisto, senón que comín estes días por aí fóra; mais agora facelo habemos doutro xeito.

—Señor, de min —dixen eu— ningunha mágoa teña vosa mercé, que ben sei pasar unha noite, e aínda máis, se é mester, sen comer.

—Vivirás máis san —respondeume—, porque, como dicíamos hoxe, non hai tal cousa no mundo para vivir moito como comer pouco.

“Se por esa vía é —dixen para min—, nunca eu hei morrer, que sempre gardei esa regra por forza e aínda espero, na miña desdita, seguila toda a miña vida”.

E deitouse na cama, pondo por cabezal as calzas e o xibón, e mandoume tombar aos seus pés, o cal eu fixen. Mais maldito o sono que eu durmín, porque as canas e os meus ósos non deixaron de rifar e encirrarse en toda a noite, que cos meus traballos, males e fame penso que no meu corpo non había libra de carne. E tamén, como aquel día non comera case nada, arrabeaba coa fame, a cal co sono non tiña amizade. Maldicinme mil veces —Deus mo perdoe— e a miña cativa fortuna, alí, a mor parte da noite, e o peor, non ousando revolverme para non espertalo, pedín a Deus moitas veces a morte.

Vida a mañá, erguémonos e comezou a limpar e sacudir as súas calzas e xibón, saio e capa, e eu a facerlle de cepillo, e vestíuseme moi ao xeito, amodiño. Deille auga ás mans, peiteouse e puxo a súa espada no talabarte, e, ao tempo que a puña, díxome:

—Oh, se soubeses, mozo, que peza é esta! Non hai marco de ouro no mundo polo que eu a dese, e mais a ningunha de cantas fixo acertou Antonio a lle pór os aceiros tan afiados como esta os ten.

E sacouna da vaíña e tentouna cos dedos, dicindo:

—Velaquí a tes. Eu obrígome a cernar con ela unha rocada de la.

Eu dixen para min: “E eu cos meus dentes, aínda que non son de aceiro, un pan de catro libras”. Volveuna meter e cingiuna nunha sarta de doas do talabarte, e, con paso quedo e o corpo ben ergueito, facendo con el e coa cabeza moi xentís abaneos, botando a punta da capa sobre o ombreiro e ás veces baixo o brazo, e pondo a man dereita no costado, saíu pola porta dicindo:

—Lázaro, mira pola casa mentres que vou ouvir misa, e fai a cama, e vai coller unha xerrada de auga no río, que aquí abaixo está, e pecha a porta con chave, non vaia ser o demo que nos furten algo, e pona aquí, no alto, para que, se eu viñese entre tanto, poida entrar.

E subiu pola rúa arriba con tan xentil rostro e modais que quen non o coñecese pensaría ser el moi próximo parente do conde Claros ou, polo menos, camareiro que lle daba de servir.

“Bendito sexades vós, Señor —quedei eu a dicir—, que dades a doenza e pondeis o remedio! Quen encontrará aquel meu señor que non pense, segundo o contento que de si leva, que onte ceou ben e durmiu en boa cama, e que, aínda que agora é de mañá, non o conte por ben almorzado? Grandes secretos son, Señor, os que vós facedes e as xentes ignoran. A quen non enganará aquela boa disposición e decente capa e saio? E quen pensará

que aquel xentilhome pasou onte todo o día cun anaco de pan que o seu criado Lázaro trouxera un día e unha noite na arca do seu seo, onde non se lle podía pegar moita limpeza, e hoxe, lavando as mans e cara, a falta de pano para se secar, usaba a faldra do saio? Abofé que ninguén o sospeitará. Oh, Señor, e cantos destes debedes ter vós polo mundo espallados, que padecen pola negra que chaman honra o que por vós non sufrirían!”.

Así estaba eu á porta, mirando e considerando estas cousas, até que o señor meu amo deu percorrido a longa e angosta rúa. Volvín entrar na casa e nun credo andeina toda, por enriba e por embaixo, sen facer repouso nin achar en que. Fago a negra e dura cama, e collo a xerra e dou comigo no río, onde, nunha horta, vin meu amo de parrafeio con dúas mulleres tapadas, ao parecer daquelas que naquel lugar nunca faltan; antes ben, moitas teñen por costume ir nas mañanciñas do verán a se refrescar e almorzar sen levar que, por aquelas frescas veigas, con confianza de que non vai faltar quen llelo dea, segundo as teñen afeitadas aqueles fidalgos do lugar. E, como digo, el estaba entre elas feito un Macías, a dicirlles máis dozuras das que Ovidio escribiu. Mais, como advertiron que estaba moi agarimoso, non tiveron vergoña de lle pedir de almorzar (co acostumado pagamento). El, sentíndose tan frío de bolsa canto quente de estómago, colleuno tal calafrío que lle roubou a cor do rostro, e comezou a tatexar e a pór escusas non válidas. Elas, que debían ser ben raposeiras, como lle sentiron a doenza, deixárono para o que era.

Eu —que estaba a comer nuns toros de verza, cos cales almorcei—, con moita dilixencia, como criado novo, sen ser visto do meu amo volvín á casa, da cal pensei varrer algunha parte, que boa falla facía, mais non achei con que. Púxenme a pensar que faría e agardar polo meu amo até que o día mediase, por se viñese e por ventura trouxese

algo que comésemos, mais en van foi a miña esperanza. Así que vin ser as dúas e que non viña e que a fame me aqueixaba, pechei a miña porta e puxen a chave onde mandou, e tornei ao meu mester. Con baixa e enferma voz e inclinadas as mans no seo, posto Deus ante os meus ollos e a lingua no seu nome, comecei a pedir pan polas portas e casas máis grandes que me parecía. Mais como eu este oficio o mamara no leite, quero dicir que co gran mestre o cego o aprendín, tan hábil discípulo saín que, aínda que nesta vila non había caridade nin o ano fora moi abundante, tan boa maña tiven que antes de o reloxo dar as catro xa tiña eu outras tantas libras de pan ensiladas no corpo e máis doutras dúas nas mangas e no seo. Volvín á morada e, ao pasar por onde as tripeiras pedín a unha daquelas mulleres e deume un anaco de unlla de vaca con outras poucas de tripas cocidas.

Cando cheguei á casa, xa o bo do meu amo estaba nela, dobrada a súa capa e posta no banco, e el a pasear polo patio. Así que entrei, veuse xunta de min. Pensei que me quería afeiar a tardanza, mais mellor dispuxo Deus as cousas. Preguntoume de onde viña; eu díxenlle:

—Señor, até que deron as dúas estiven aquí, e así que vin que vosa mercé non viña, fun pola cidade a encomendarme ás boas xentes, e déronme isto que vedes.

Amoseille o pan e mais as tripas, que nun extremo da fralda as traía, ao cal el amosou bo rostro, e dixo:

—Pois espereite a xantar, e, así que vin que non viñas, xantei. Mais ti fas como home de ben niso, que máis vale pedilo por Deus que non furtalo. E así el me axude como iso me parece ben, e soamente che encomendo que non saiban que vives comigo, polo que atangue á miña honra; aínda que ben creo que será secreto, segundo o pouco que nesta vila son coñecido. Ogallá que nunca a ela viñese eu!

—Diso perda, señor, coidado —díxenlle eu—, que maldito aquel que ningún ten de me pedir conta nin eu de dala.

—Agora, pois, come, coitadiño, que, se a Deus prace, axiña habemos vernos sen necesidade; aínda que che digo que, desde que nesta casa entrei, nunca ben me foi. Debe de ser mal chan, que hai casas desditadas e de mal pé, que aos que viven nelas lles pegan a desdita. Esta debe de ser, sen dúbida, unha delas, mais eu prométoche que, acabado o mes, non hei quedar nela malia que ma dean por miña.

Sentei nun cabo do poio e, para que non me tivese por lambón, calei a merenda e comecei a cear e morder as miñas tripas e pan, e disimuladamente miraba o desventurado señor meu, que non apartaba os seus ollos das miñas faldras, que daquela me servían de prato. Tanta compaixón teña Deus de min como eu tiña del, porque sentín o que sentía e moitas veces pasara por aquilo e pasaba cada día. Pensaba se sería ben ofrecerme a convidalo, mais, como viña de dicirme que xa comera, temía que non aceptase o convite. En fin, eu desexaba que o coitado remediase os seus traballos co meu e almorzase como o día antes fixera, pois tiña mellor disposición por ser mellor a vianda e menos a miña fame. Quixo Deus cumprir o meu desexo, e penso que tamén o seu, porque en canto comecei a comer el anda a pasear e achegouse a min e díxome:

—Dígoche, Lázaro, que tes no comer a mellor graza que na miña vida vin a home ningún, e que ninguén que te verá facelo sen que lle poñas gana, aínda que non a teña.

“A moi boa que ti tes —dixen eu para min— faiche parecer fermosa a miña”. Así e todo, tiveron mentes de axudalo, pois el axudábase e abríame camiño para facelo, e díxenlle:

—Señor, con auga e abono non hai terra má¹². Este pan está saborosísimo, e esta unlla de vaca tan ben cocida e sazónada que non haberá a quen non convide co seu sabor.

—Unlla de vaca é?

—É, señor.

—Dígoche que é o mellor bocado do mundo e que non hai faisán que así me saiba.

Púxenlle nas unllas a outra e tres ou catro racións de pan da parte máis branca, sentoume á beira e comezou a comer coma aquel que o ansiaba, roendo cada osiño daqueles mellor do que un galgo seu o faría.

—Con allada —dicía— é este singular manxar.

“Con mellor salsa cómelo ti”, respondín eu, quedo.

—Por Deus que me soubo coma se hoxe non comese bocado!

“Así me veñan os bos anos como iso é certo!”, dixeran eu para min.

Pedíume a xerra de auga e deílla como a trouxera, sinal, pois non lle faltaba a auga, de que non lle sobrara a comida ao meu amo. Bebemos e, moi contentos, fomos durmir, coma a noite pasada. E, por evitar prolixidade, deste xeito estivemos oito ou dez días, marchando o coitado pola mañá, con aquela compostura e paso medido, a papar aire polas rúas, e o pobre Lázaro en procesión, coma o raposo morto.

12. No orixinal, “el buen aparejo hace buen artífice”. Ao non existir versión galega deste refrán, optouse por procurar outro que tivese un sentido semellante. O proverbio galego está tomado do *Refraneiro galego* de Xosé Taboada Chivite (dispoñíbel en liña: <http://www.cirp.gal/w3/publicacions/pub-0059.html>).

Contemplaba eu moitas veces o meu desastre: que, escapando dos amos mesquiños que tivera e buscando melloría, viñese topar con quen non só non me mantiña, senón que tiña que mantelo. Así e todo, quería-lle ben, por ver que non tiña nin podía máis, e antes lle tiña compaixón ca inimizade, e moitas veces, por lle levar á pousada mantenza con que o día pasase, eu pasábao mal. Porque unha mañá, erguéndose o triste en camisa, subiu ao alto da casa a facer as súas necesidades, e en tanto eu, por saír de dúbidas, desdobreille o xibón e as calzas, que á cabeceira deixara, e achei unha bolsiña de veludo con cen dobreces e sen maldita a branca nin sinal de que a tivese desde había moito tempo.

“Este —dicía eu— é pobre, e ninguén dá o que non ten. Mais o avarento cego e o malaventurado e mesquiño crego, que, malia dállelo Deus a ambos (a un de man beixada e ao outro de lingua solta), me mataban de fame, aqueles era xusto desamalos; a este hai que compadecelo”.

Deus é testemuña de que hoxe en día, cando topo cun da súa fasquía, con aquel paso e pompa, téñolle dó con pensar se padece o que a aquel vin sufrir, ao cal, con toda a súa pobreza, compraceríame servir máis do que os outros, polo que dixeran. Só tiña del un pouco de descontento, que quería que non tivese tanta presunción, senón que, sendo tan subidas as súas necesidades, baixase un pouco a súa fachenda. Mais, segundo me semella, é regra entre eles usada e gardada: aínda que non haxa nin un carto, o barrete ten que andar no seu lugar. O Señor llelo remedie, que xa con este mal han morrer.

Pois, estando eu en tal estado, pasando a vida que digo, quixo a miña má fortuna, que de me perseguir non estaba satisfeita, que non durase nin naquela traballosa e vergoñenta subsistencia. Como o ano nesta terra fose estéril de pan, acordaron en xunta que todos os forasteiros

pobres marchasen da cidade, pregoando que o que topasen de alí en diante fose punido con azoutes. E así, en execución da lei, catro días despois de que se lese o pregón, vin levar unha procesión de pobres a lategazos polas Catro Rúas, o cal me puxo tan grande espanto que nunca ousei desmandarme a mendigar.

Aquí vería quen puidese velo a abstinencia da miña casa e a tristeza e o silencio dos seus moradores, tanto, que nos aconteceu estar dous ou tres días sen comermos bocado nin falarmos palabra. A min déronme a vida unhas mulleriñas, fiandeiras de algodón, que facían barretes e vivían ao par de nós, con quen tiveron trato e coñecemento, que da laceira que lles traían me daban algunha cousiña, coa cal eu ía pasando coma un figo paso.

Mais non tiña tanta mágoa de min mesmo coma do magoado do meu amo, que en oito días non comeu un mísero bocado. Polo menos na casa ben os botamos sen comermos. Non sei eu como e onde andaba e que comía: velo vir a mediodía, rúa abaixo, con estirado corpo, máis longo ca galgo de boa caste! E polo que tocaba á súa negra que chaman honra, collía unha palla das que apenas nin había na casa e saía á porta, escarvando nos que nada entre si tiñan, queixándose no entanto daquel mal soar, dicindo:

—Ben se ve que a desdita desta vivenda así o fai: como ves, é lóbrega, triste, escura. Mentres aquí estivermos habemos padecer. Xa estou desexando que acabe este mes para saírmos dela.

Pois, estando nesta aflitiva e famenta persecución, un día, non sei por que dita ou ventura, no pobre poder do meu amo entrou un real, co cal veu á casa tan fachendoso coma se tivese o tesouro de Venecia, e con xesto moi alegre e riseiro, deumo, dicindo:

—Toma, Lázaro, que Deus xa vai abrindo a man. Vai á praza e merca pan e viño e carne. Que arrabee o demo! E tamén che digo, para que te contentes, que aluguei outra casa e nesta infortunada non habemos estar alén do fin do mes. Maldita sexa ela e o que nela puxo a primeira tella, que con mal pé nela entrei! Polo noso señor, que desde que nela vivo nin probei gota de viño nin bocado de carne, nin tiven descanso ningún, tal é a súa traza, tal a súa escuridade e tristura. Vai e volve axiña e xantemos hoxe coma condes.

Collín o meu real e a xerra e, dándolles sebo aos pés, comecei a subir a miña rúa, encamiñando os pasos cara á praza, moi contento e alegre. Mais que me aproveitaba iso, se está escrito na miña triste fortuna que ningún gozo me veña sen desacougo? E así foi, porque cando ía rúa arriba, botando a conta do que compraría co meu real que fose mellor e máis proveitoso, e dando infinitas grazas a Deus por lle procurar cartos ao meu amo, de súpeto veume ao encontro un morto que moitos clérigos e outra xente traían en andas pola rúa abaixo. Arrimeime á parede, para lles deixar sitio e, logo de que pasou o corpo, viña ao par do leito unha que debía de ser a muller do defunto, cuberta de loito, xunto con outras moitas mulleres, que ía chorando aos berros e dicindo:

—Marido e señor meu, a onde vos levan? Á casa triste e desgrazada? Á casa lóbrega e escura? Á casa onde nunca comen nin beben?

A min, que ouvín aquilo, caeume a alma aos pés, e dixeran: “Oh, desgrazado de min, levan este morto para a miña casa!”. Deixei o camiño que levaba, cortei polo medio da xente e volví pola rúa abaixo, correndo o máis que podía, para a miña casa. Entrei nela e pechei a toda présa, invocando o auxilio e o favor do meu amo, abrazándome a el, para que me axudase e viñese defender a entrada. El, algo alterado, pensando que era outra cousa, díxome:

—Que é isto, mozo? Que voces dás? Que tes? Por que pechas a porta con tal furia?

—Oh, señor —dixen eu—, acúdame, que nos traen aquí un morto!

—O que?—respondeu el.

—Aquí arriba o atopei e viña dicindo a súa muller: “Marido e señor meu, a onde vos levan? Á casa lóbrega e escura? Á casa triste e desgrazada? Á casa onde nunca comen nin beben?”. Aquí, señor, nolo traen.

Cando o meu amo ouviu isto, aínda que non tiña, certamente, razóns para estar riseiro, riu tanto que botou un bo anaco sen poder falar. Entretanto tiña eu pechada a aldraba da porta e posto o ombreiro nela, por máis defensa. Pasou a xente co seu morto e eu aínda receaba que nolo metesen na casa. E cando o bo do meu amo se fartara de rir máis ca de comer, díxome:

—É verdade, Lázaro, conforme a viúva o vai dicindo, ti tiveches razón en pensar o que pensaches; mais, xa que Deus o fixo mellor e continúan adiante, abre, abre e vai por algo de comer.

—Deixádeos, señor, que acaben de pasar a rúa —dixen eu.

Ao final veu o meu amo á porta da rúa e abriuna, dándome azos, que ben mester me eran con todo o meu medo e alteración, e tornou a me encamiñar. Mais, aínda que comemos ben aquel día, aquilo apenas me prestou. Nin en tres días dei tornado na miña cor, e o meu amo ría moito cada vez que lle acordaba aquela miña ocorrencia.

Deste xeito botei algúns días co meu terceiro e pobre amo, que foi este escudeiro, desexando sempre saber a intención da súa vinda e estadía nesta terra. Porque, desde o primeiro

día en que o servín, decateime de que era forasteiro polo pouco que coñecía e trataba os naturais dela. Ao final cumpríuse o meu desexo e souben o que desexaba porque, un día que comeramos razoabelmente e el estaba algo contento, contoume as súas fazañas. Díxome que era de Castela a Vella, e que deixara a súa terra só por non tirar o barrete diante dun cabaleiro seu veciño.

—Señor —dixen eu—, se el era o que dicides e tiña máis ca vós, non errabades en non tiralo primeiro, xa que dicides que el tamén o tiraba diante de vós?

—Si que o é e si que ten, e tamén o tiraba diante de min; mais de todas as veces en que eu o tiraba primeiro, non viña mal que se comedise el algunha e me gañase a dianteira.

—Paréceme, señor —díxennlle eu—, que eu non repararía niso, mormente cos meus maiores e cos que teñen máis.

—Aínda es rapaz —respondeume—, e non sentes as cousas da honra, que hoxe en día son toda a fortuna dos homes de ben. Pois dígoche que eu son, como ves, un escudeiro, mais xúroche por Deus que, se bato co conde na rúa e non me tira moi ben tirado todo o barrete, outra vez que veña, farei por entrar nunha casa, finxindo que teño alí algo que facer, ou atravesar outra rúa, se a hai, antes de que chegue a min, por non o tirar diante del. Pois un fidalgo non lle debe nada a ninguén máis ca a Deus e ao rei, nin é xusto, sendo home de ben, que se descoide un intre de ter en moito a súa persoa. Acórdame que un día deshonrei na miña terra un oficial e quíxennlle pór as mans enriba, porque cada vez que o atopaba dicíame: “Deus manteña vosa mercé”. “Vós, don vilán ruín, por que non sodes ben criado? *Deus vos manteña*, dicídesme, coma se fose un calquera?” De alí en diante, de aquí acolá tiraba o barrete diante de min e falábame como debía.

—E logo non é boa maneira de saudar un home a outro —dixen eu— dicirlle que o manteña Deus?

—O demo te leve! Mira —dixo el—, aos homes de baixa estofa dinlles iso, mais aos máis altos, coma min, non lles han dicir menos que “Beixo as mans de vosa mercé”, ou, polo menos, “Béixovos, señor, as mans”, se o que me fala é cabaleiro. E así, aquel da miña terra que me acusaba de ser un mantido, nunca máis o quixen aturar, nin aturaría, nin aturarei home do mundo, do rei abaixo, que me diga “Deus vos manteña”.

“Coitado de min —dixen eu—, por iso ten tan pouco coidado de te manter, pois non aturas que ninguén llo rogue.”

—Mormente —dixo— porque non son tan pobre que non teña na miña terra un soar de casas que, de estaren elas en pé e ben construídas, a dezaseis leguas de onde nacín, naquela Costanilla de Valladolid, valerían máis de douscentos mil marabedís, xa que se poderían facer grandes e boas. E teño un pombal que, de non estar derruído, como está, daría cada ano máis de douscentos pichóns, e outras cousas que calo, que deixei por cuestións de honra. Vin para esta cidade pensando que acharía un bo asento, mais non aconteceu como pensaba. Cóengos e señores da igrexa, moitos topo, mais é xente tan limitada que ninguén no mundo os faría mudar os hábitos. Cabaleiros de media tixela tamén me requiren, mais servir estes é gran traballo, porque de home vos tedes que converter en comodín. E, se non, “ide con Deus”, dinvos, e as máis das veces os pagamentos adíanse, e o máis certo é que saia o comida polo servido. Cando queren saldar débedas e satisfacer as vosas suores, sodes pago na recámara cun xibón suado ou unha capa ou un saio luídos. Ora ben, cando alguén se asenta cun señor de título, vai desaparecendo a súa laceira. Daquela non hai por ventura en min habilidade para servir e contentar un destes?

Por Deus, se con el topase, penso que me convertería no seu home de confianza e que lle faría mil servizos, porque sabería mentirlle tan ben coma outro e agradarlle ás mil marabillas. Riríalle moito as ocorrencias e os costumes, aínda que non fosen os mellores do mundo. Nunca lle diría cousa que lle pesase, aínda que moito lle cumprise. Sería moi dilixente na súa presenza en ditos e feitos, sen me matar por non facer ben as cousas que el non fose ver, e poríame a rifar, onde el ouvise, coa xente do servizo, para parecer preocupado polos seus asuntos. Se el rifase con algún seu criado, daría uns puntinhos agudos para lle acender a ira, coma se falase en favor do culpado. Diríalle ben do que ben lle parece e, pola contra, sería malicioso burlador, delataría os da casa e os de fóra, pescudaría e procuraría saber das vidas alleas para llas contar, e tería outras moitas calidades desta caste, que hoxe en día se usan en palacio, e aos señores parécenlles ben. Pois non queren ver nas súas casas homes virtuosos; antes os aborrecen e teñen en pouco e chámanlles necios, e dinlles que non son persoas de negocios nin en quen o señor poida confiar. E os astutos usan hoxe cos señores, como digo, o que eu usaría. Mais non quere a miña ventura que ache un deles.

Desta maneira lamentaba tan ben a súa adversa fortuna o meu amo, relatándome a valía da súa persoa.

Pois, estando nisto, entraron pola porta un home e mais unha vella. O home pediulle o alugueiro da casa, e a vella, o da cama; botaron a conta e de dous meses chegaron ao que el nun ano non chegara. Penso que eran doce ou trece reais. E el deulles moi boa resposta: que sairía á praza a trocar un dobrón e que volvesen á tarde. Mais a súa saída foi sen volta, de maneira que eles volveron á tarde, mais xa era tarde. Eu díxenlles que aínda non viñera. Chegada a noite e el non, tiveron medo de ficar só na casa e fun onda as veciñas, conteilles o caso e durmín alí. Chegada a mañá, os

acreedores volveron e preguntaron polo veciño, mais foron petar a outra porta. As mulleres respondéronlles:

—Aquí tedes o seu mozo e mais a chave da porta.

Eles preguntáronme por el e eu díxenlles que non sabía onde estaba e que tampouco volvera á casa desde que saíra a trocar a moeda, e que pensaba que escapara de min e mais deles co troco. Así que ouviron isto, foron por un alguacil e un escribán. Velaí que volveron logo con eles, tomaron a chave, chamáronme a min e chamaron testemuñas. Abriron a porta e entraron a embargar a facenda do meu amo até seren pagos da súa débeda. Andaron por toda a casa e achárona baleira, como contei, e dixéronme:

—Que é da facenda do teu amo? As súas arcas e panos de parede, móbeis e adobíos da casa?

—Non sei nada diso —respondinlles.

—Sen dúbida —dixeron eles— esta noite deberon de retirar todo e levalo a algures. Señor alguacil, prendede este mozo, que el sabe onde están as cousas.

Nisto veu o alguacil e agarroume polo collar do xibón, dicindo:

—Rapaz, estás preso se non descubres os bens deste teu amo.

Eu, como nunca en tal me vira —porque xa me agarraran moitas veces polo collar, mais mansamente, para que lle mostrase o camiño ao que non vía—, tiven moito medo e, chorando, prometinlles que diría o que me preguntaban.

—Está ben —dixeron eles—, pois di o que sabes e non teñas medo.

O escribán sentou nun poio para escribir o inventario, preguntándome que tiña.

—Señores —dixen eu—, o que este meu amo ten, segundo el me dixo, é un moi bo soar de casas e un pombal derruído.

—Está ben —dixeron eles—, por pouco que iso valla xa abonda para nos pagar a débeda. E en que parte da cidade ten iso? —preguntáronme.

—Na súa terra —respondinlles.

—Por Deus que está bo o negocio —dixeron eles—. E logo onde é a súa terra?

—De Castela a Vella díxome que era —díxenlles.

Riron moito o alguacil e o escribán, dicindo:

—Semellante historia ben vos paga a débeda, mesmo se fose maior.

As veciñas, que estaban presentes, dixeron:

—Señores, este é un neno inocente, que hai poucos días que está con ese escudeiro e non sabe del máis ca vosas mercés. O coitado achegábase aquí á nosa casa e dabámoslle de comer o que podíamos por amor de Deus, e ás noites ía durmir con el.

Probada así a miña inocencia, deixáronme libre. Daquela, o alguacil e o escribán pedíronlles ao home e mais á muller os seus dereitos, o cal creou moita rifa e balbordo. Uns alegaban non estaren obrigados a pagar, pois non había de que, nin se fixera o embargo; outros dicían que deixarán de ir a outro negocio que lles importaba máis, por viren a aquel. Finalmente, despois de moito boureo, un esbirro cargou co vello cobertor da vella e, aínda que non ía moi cargado, alá se foron os cinco aos berros. Non sei en que parou aquilo; creo eu que o coitado do cobertor rematou

